

MATERIA

Familia, escola e comunidade na Educación Social

unidade  
didáctica  
1

TITULACIÓN

Grao en Educación Social

# A familia en perspectiva histórica. Concepto, estrutura e evolución

Noemí Castelo Veiga

Área Teoría e Historia da Educación  
Departamento de Pedagogía e Didáctica  
Facultade de Ciencias da Educación

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788418445996>

**MATERIA:** Familia, escola e comunidade na Educación Social

**TITULACIÓN:** Grao en Educación Social

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

## **MÓDULO 1. A FAMILIA COMO INSTITUCIÓN SOCIAL BÁSICA E AXENTE DE SOCIALIZACIÓN**

### **Unidade I. A familia en perspectiva histórica. Concepto, estrutura e evolución**

A familia. Unha análise conceptual

Etapas do ciclo familiar

Dimensións

Factores na vida familiar

Tipos de estrutura familiar

A dinámica evolutiva da familia. O caso de España e Galicia

### **Unidade II. Os procesos educativos familiares**

Funcións educativas no seo da familia

Estilos e modelos de educación familiar e a súa incidencia no desenvolvemento persoal e social

Familia, lecer e tempo libre

## **MÓDULO 2. A PROTECCIÓN DA FAMILIA NO CONTEXTO INTERNACIONAL, ESTATAL E AUTONÓMICO**

### **Unidade III. Marco lexislativo da familia, a infancia e a adolescencia**

Normativa internacional e europea

Normativa estatal

Normativa autonómica. Plans e programas

### **Unidade IV. O sistema de protección á infancia en Galicia**

Situación de desprotección: risco ou desamparo

Equipos técnicos do/a menor

Recursos e programas: de detección, de apoio e intervención coa familia, de acollemento e de adopción

### **MÓDULO 3. AS RELACIÓNS FAMILIA-ESCOLA-COMUNIDADE. A IMPORTANCIA DA EDUCACIÓN SOCIAL**

#### **Unidade V. A Educación Social en contextos familiares vulnerables**

Principios básicos: interés superior do/a menor, non separación entre irmáns/ irmás e reincorporación á familia

Como traballar? Prevención, intervención e empoderamento

Que traballar? Hábitos saudables, autonomía persoal, mediación parental, participación e comunicación

Con que enfoque? Perspectiva educativa vs. perspectiva punitiva

#### **Unidade VI. O traballo en rede. Enfoque transversal nos procesos de intervención**

Que é o traballo en rede?

Principios e beneficios

A importancia do traballo en rede na Educación Social. Niveis familiar, grupal e comunitario

## ÍNDICE

---

### CONTEXTUALIZACIÓN

1. Presentación
2. Xustificación

### COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

### CONTIDOS

1. A familia. Unha análise conceptual
  - 1.1. Deconstrución do concepto estereotipado tradicional
  - 1.2. Criterios definitorios
2. Etapas do ciclo familiar
3. Dimensións
  - 3.1 Cognicións dos pais sobre o desenvolvemento e a educación das súas crianzas
  - 3.2 Estilo das relacións interpersoais familiares
  - 3.3 Contorna educativa-familiar
4. Factores na vida familiar
  - 4.1 Factores de risco e tensión
  - 4.2 Factores de protección e amortización
5. Tipos de estrutura familiar
6. A dinámica evolutiva da familia. O caso de España e Galicia
  - 6.1 A familia española
  - 6.2 A familia galega

### METODOLOXÍA

1. Actividades propostas

### AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

- Observacións xerais

### BIBLIOGRAFÍA

## CONTEXTUALIZACIÓN

---

### 1. Presentación

O plan de estudos da titulación de Grao en Educación Social, que se imparte na Universidade de Santiago de Compostela —Resolución de 16 de febreiro de 2010— (BOE nº 56, de 5 de marzo de 2010), proporciona ao alumnado coñecementos científicos e principios de acción necesarios para un adecuado exercicio da profesión: comprensión, interpretación e intervención educativa en diversos ámbitos sociais e institucionais. Neste senso, a presente unidade didáctica titulada «A familia en perspectiva histórica. Concepto, estrutura e evolución» impártese no segundo cuatrimestre e curso de dita titulación, concretamente na materia «Familia, escola e comunidade na Educación Social» (código G3091226), que ten carácter obrigatorio e unha carga lectiva de seis créditos ETCS consonte ao Real Decreto 1393/2007 (BOE nº 260, de 30 de outubro de 2007).


Esta materia pretende formar o alumnado en noções fundamentais sobre a familia desde unha perspectiva normativa, sistémica, evolutiva e ecolóxica, facendo fincapé nas relacións e procesos educativos que se establecen entre a familia, a escola e a comunidade, así como no papel que desenvolve o/a educador/a social en programas, prácticas e recursos de intervención socioeducativa familiar. Asemade, os seus contidos están divididos en tres módulos: “A familia como institución social básica e axente de socialización”, “A protección da familia no contexto internacional, estatal e autonómico”, e “As relacións familia-escola-comunidade. A importancia da Educación Social”. Cada un destes módulos, á súa vez, consta de dous temas, o que dá lugar a un total de seis partes temáticas. A este respecto, a programación didáctica da materia —programación curricular por competencias— está configurada en seis unidades didácticas, tal como se amosa na Figura 1.

Na primeira delas abórdase a familia desde unha perspectiva dinámica e histórica, facendo referencia á deconstrución do concepto estereotipado tradicional de familia, ás etapas do ciclo familiar, ás principais estruturas familiares e aos factores de risco e protección existentes na vida familiar. Ademais, recóllese a dinámica evolutiva da familia, centrando o foco en España de xeito xeral e en Galicia de maneira particular. Na segunda estúdanse as funcións básicas da familia como axente educador —desenvolvemento, descanso e diversión—, os principais modelos arquetípicos de educación familiar —autoritario, permisivo e democrático— e o lecer e tempo libre infantil. As dúas seguintes unidades didácticas achegan o marco lexislativo e social da infancia, a familia e a adolescencia. Por unha banda, a terceira recolle a normativa internacional, europea, estatal e autonómica en materia deste tipo, así como tamén os principais programas e plans galegos que se desenvolven neste eixo. Por outra banda, a cuarta céntrase no sistema de protección á infancia en Galicia, é dicir, nos medios materiais e persoais que se empregan cando se detecta unha situación de desprotección —risco ou desamparo— nun/nunha menor conforme á Lei 3/2011 (DOG nº 134, de 13 de xullo de 2011). Posteriormente, na quinta unidade didáctica estúdase o papel da Educación Social en contextos familiares de especial vulnerabilidade, atendendo aos principios básicos que se deben repectar, á maneira

de traballar, así como ao modo e enfoque máis axeitado de facelo. Xa por último, na sexta abórdase o traballo en rede nos procesos de intervención do/a educador/a social —concepto, principios, niveis e beneficios—, facendo alusión á relación que se establece entre a familia, a escola e a comunidade.

Aquí preséntase a primeira unidade didáctica, que se impartirá en dúas sesións expositivas (dúas horas e media) e tres interactivas (catro horas e media), que serán acompañadas ademais de traballo autónomo por parte do/a alumno/a (tres horas). Os seus contidos están dirixidos ao alumnado de segundo curso do Grao en Educación Social da Universidade de Santiago de Compostela en xeral, aínda que tamén poden resultar de interese para o profesorado da titulación en particular, en tanto o seu coñecemento pode favorecer o aumento (necesidade de maior formación) ou a redución de contidos (evitación do solapamento) noutras materias da titulación, sexan estas de formación básica, de tipo obrigatorio ou de carácter optativo.

**Figura 1: Programación docente da materia “Familia, escola e comunidade na Educación Social”**



Fonte: Elaboración propia

## 2. Xustificación

A organización familiar e as súas formas son características de moitas especies animais dende hai moitos anos. No caso do ser humano, a familia constitúe un dos contextos de desenvolvemento máis importantes, que, xunto con outros axentes de socialización, caso, por exemplo, da escola, contribúe á formación integral da persoa. Esta unidade didáctica enmárcase no primeiro módulo da materia e correspóndese co tema un, tal e como se especificou no apartado precedente. A este respecto, os

contidos que nela se tratan son determinantes para o alumnado porque constitúen a tese central, ademais de favorecer a comprensión das unidades didácticas posteriores, sobre todo da segunda delas, referente aos procesos educativos que se producen no seo familiar.

Porén, a súa utilidade non só se circunscribe ao mencionado no parágrafo anterior, senón que posúe un maior calado, na medida en que favorece a comprensión doutras materias da titulación, anteriores ou posteriores, coas que garda unha estreita relación. Nesta liña, e atendendo o plan de estudos da titulación —Resolución de 16 de febreiro de 2010— (BOE nº 56, de 5 de marzo de 2010), a unidade didáctica que aquí se presenta está relacionada en xeral coas materias:

- Antropoloxía da educación (1/1. FB)
- Socioloxía da educación (1/1. FB)
- Psicoloxía do desenvolvemento (1/2. FB)

De xeito máis específico vincúlase coas dúas seguintes:

- Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables (3/1. OP)
- Acción socioeducativa coa infancia e a xuventude (4/1. OP)

En suma, esta primeira unidade didáctica proporciona sustento epistemolóxico básico para un ámbito de intervención da Educación Social: o ámbito familiar e, xunto co resto de contidos que se tratan na materia, contribúe á formación especializada do/a educador/a social neste campo.

## COMPETENCIAS E OBXECTIVOS

---

A materia «Familia, escola e comunidade na Educación Social» consta de catro obxectivos xerais (**OX**):

- Estudar a evolución do concepto de familia para comprender tanto as transformacións como a aparición de novas estruturas familiares na sociedade actual.
- Coñecer as funcións da familia como axente educador, así como os diversos modelos educativos que teñen lugar nesta institución social.
- Estudar as relacións da familia coa escola e coa comunidade.
- Analizar os programas, servizos e recursos de intervención socioeducativa familiar que se desenvolven no contexto local, autonómico e estatal.

Os obxectivos anteriores, á súa vez, están vinculados con competencias básicas e xerais, competencias transversais e competencias específicas da titulación<sup>1</sup>, a saber, CB1, CX3, CX4, CX6, CT5, CE1.2-1.6 e CE2.1-2.6. En concreto, o alumnado que acade os **OX** da materia:

- Terá dominio conceptual sobre os perfís educativos das familias, a filosofía do centro e as esixencias das comunidades sociais de referencia no mundo contemporáneo.

---

<sup>1</sup> Todas elas definidas consonte aos criterios do Real Decreto 1393/2007 (BOE nº 260, de 30 de outubro de 2007), ás recomendacións do Libro Blanco do Título de Grao en Pedagogía e Educación Social (Axencia Nacional de Avaluación da Calidade e Acreditación, [ANECA], 2005) e aos acordos do catálogo de funcións e competencias da Asociación Estatal de Educación Social (ASEDES) e do Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES) (2007).



- Posuirá coñecementos e será capaz de analizar a caracterización da familia como axente educador, a institución escolar como comunidade e as comunidades locais dentro da realidade socioeducativa.
- Será capaz de recoñecerse como profesional da Educación Social que media no trinomio familia, escola e comunidade.
- Será capaz de xerar procesos de intervención en relación á educación familiar e comunitaria, á educación escolar e a súa proxección á comunidade social desde os parámetros do desenvolvemento comunitario.

A unidade didáctica que aquí se presenta, «A familia en perspectiva histórica. Concepto, estrutura e evolución», está relacionada co primeiro dos **OX** da materia, que tal e como se recolleu anteriormente concrétase en: estudar a evolución do concepto de familia para comprender tanto as transformacións como a aparición de novas estruturas familiares na sociedade actual. Neste senso, coa súa realización preténdese acadar os seguintes obxectivos específicos (**OE**):

- Coñecementos (Saber):
  - o Comprender o concepto de familia desde unha perspectiva dinámica, sistémica e ecolóxica.
  - o Identificar as dimensións que se deben contemplar no estudo evolutivo da familia e as etapas do ciclo familiar, así como os tipos de estrutura familiar e os factores de risco e protección familiares.
  - o Coñecer a dinámica evolutiva da familia en perspectiva histórica, con especial énfase nos contextos español e galego.
- Procedementos (Saber facer):
  - o Elaborar mapas conceptuais (aprendizaxe significativa) nos que se recollan os principais conceptos de familia, así como as relacións existentes entre eles.
  - o Confeccionar un glosario grupal cos conceptos centrais.
  - o Realizar buscas estatísticas en diferentes organismos nacionais e autonómicos sobre aspectos relacionados con datos sociodemográficos familiares.
- Actitudes (Saber ser/estar):
  - o Valorar a importancia da familia como principal contexto de desenvolvemento humano.
  - o Estar sensibilizado/a cos cambios producidos nas estruturas familiares.

## CONTIDOS

---

Os contidos desta unidade didáctica tratan de aproximarse á familia desde unha perspectiva dinámica. En primeiro lugar, realízase unha deconstrución do concepto estereotipado tradicional e identifícanse os criterios definitorios do termo. En segundo lugar, recóllense as etapas evolutivas do ciclo familiar, as dimensións básicas para a súa análise e os factores —de risco e protección— existentes no seu seo. En terceiro lugar, faise mención aos tipos de estrutura familiar e á dinámica evolutiva da familia —cambios sociodemográficos e novas formas de organización social—, esta última cuestión estúdase de maneira específica nos contextos nacional

e autonómico. Para un maior afodamento nos contidos, recoméndase a lectura de Muisit e Cava (2001), Rodrigo e Palacios (2005) e Santos Rego (2015).

## 1. A familia. Unha análise conceptual

A organización familiar non é exclusiva do ser humano, senón que se estende a outras especies do reino animal. Neste sentido, ao realizar unha aproximación comparada obsérvase que no ser humano o tipo de agrupamento familiar está baseado en razóns de índole cultural, amais de criterios de orde natural. Asemade, existe unha intencionalidade educativa nos pais e nais humanos, así como unha maior intensidade, individuación e perdurabilidade dos lazos de apego —elemento básico e constituínte das relacións familiares— (Palacios e Rodrigo, 2005).

Agora ben, que se entende por familia humana? Como se vén definindo o termo? Hai unha definición capaz de abranguer todas as realidades humanas existentes? Cuestións, todas elas, que se tentarán responder nos vindeiros parágrafos.

### 1.1. Deconstrución do concepto estereotipado tradicional

O concepto «familia» presenta unha abordaxe multidisciplinar. Aguilar (2001) recolle algunhas definicións feitas desde a antropoloxía, a bioloxía ou a psicoloxía, manifestándose en todas elas incapacidade para reflectir de forma integral a dinámica familiar da sociedade actual, en tanto se adoitan referir exclusivamente a funcións básicas e universais da familia ou á simple satisfacción de necesidades sexuais e económicas. Ademais, a existencia de múltiples realidades familiares —actualmente fábase de diversidade familiar, diferenciándose da terminoloxía precedente, onde as familias que se afastaban do modelo tradicional eran catalogadas como «desviadas ou alternativas»— acaba provocando unha variedade interpretativa modulada pola capacidade cognitiva e polas experiencias particulares de cada persoa. Nestas coordenadas xorde a necesidade de procurar unha definición complexa de familia, capaz de recoller tanto o que hai de común nas distintas organizacións familiares coma os trazos idiosincráticos característicos de cada unha delas, cunha atención especial na dinámica e nos cambios que se producen/ou teñen lugar dentro da mesma (Simón et al., 2005).

Ata hai pouco tempo acostumábase contemplar a familia con lentes de idéntica gradación, as únicas posibles e válidas, é dicir, definíase o concepto partindo de parámetros estereotipados e tradicionais:

Agrupamento nuclear composto por un home e unha muller unidos en matrimonio, máis os fillos tidos en común, todos baixo o mesmo teito; o home traballa fóra e consegue os medios de subsistencia da familia; entrementres, a muller na casa coida dos fillos do matrimonio. (Palacios e Rodrigo, 2005, p.32)

Polo tanto, gardábanse na gabela outras realidades familiares que deixaron de ser excepcionais para converterse en norma. A este respecto, os autores anteriores

realizan un exercicio de deconstrución, retirando da definición elementos de tipo relativo:

- O matrimonio non é necesario para falar de familia, existindo unións non consensuais que dan lugar á formación de novas estruturas familiares.
- Un dos proxenitores pode faltar, quedando o outro só cos cativos/as, caso, por exemplo, das familias monoparentais.
- Os/as fillos/as tidos en común adoitan ser un trazo característico, pero non sempre é así, xa que poden chegar por outras vías como a adopción ou a reprodución asistida, así como pertencer a unións anteriores.
- A nai non ten que dedicarse de maneira exclusiva ao coidado dos/as fillos/as, podendo desenvolver actividades profesionais fóra do fogar.
- O pai pode implicarse activamente no coidado das crianzas e non limitarse a ser un xerador de recursos económicos.
- O número de fillos/as viuse reducido co paso do tempo, ata o punto de que moitas familias só teñen un.
- Algúns núcleos familiares disólvense con procesos de separación ou divorcio, sendo frecuente a unión posterior cunha parella ou as familias reconstituídas.

## 1.2. Criterios definitorios


Tras a deconstrución do termo «familia», os criterios que quedan como definitorios do mesmo posúen unha natureza intanxible, estando vinculados con **metas, motivacións e sentimentos**:

Unión de persoas que comparten un proxecto vital de existencia en común que se quere duradeiro, no que se xeran fortes sentimentos de pertenza a dito grupo, existe un compromiso persoal entre os seus membros e establécense intensas relacións de intimidade, reciprocidade e dependencia. (Palacios e Rodrigo, 2005, p.33)

## 2. Etapas do ciclo familiar

A familia non é un sistema estático, pola contra, no seu interior prodúcense permanentes cambios. Neste senso, resulta preciso comprender que os seus membros pertencen a outros sistemas familiares e a distintas xeracións. Desde o punto de vista do ciclo evolutivo familiar, a familia, polo xeral, adoita constituírse a partir dunha parella e vai evolucionando a través de diferentes etapas ou fases, cada unha delas con características propias (López, 2005).

Figura 2: Etapas evolutivas do ciclo familiar



Fonte: Adaptada de López (2005)

Nas etapas anteriores os membros que conforman a familia van forxando a súa identidade persoal e social, a medida que van incorporando as normas, as crenzas, os valores... do grupo. Resultan fundamentais os conceptos «amor», «autoridade» e «liberdade», así coma os vínculos afectivos, os valores e os modelos educativos, en tanto a familia conforma un espazo onde adultos e nenos/as realizan procesos de ensinanza-aprendizaxe. Nesta liña, como refiren Rodrigo e Acuña (2005), a familia desenvolve funcións básicas de mantemento, estimulación, apoio, estruturación e control. Tanto as funcións familiares como a educación na familia serán cuestións tratadas na segunda unidade didáctica, correspondente cos procesos educativos familiares.

### 3. Dimensións

A familia é un sistema de relacións interpersoais recíprocas enmarcado en contextos específicos expostos a continuos cambios. Esta concepción esixe a adopción dunha perspectiva contextual-evolutiva (Lerner, 2002), transaccional (Sameroff, 1983) e ecolóxico-sistémica (Bronfenbrenner, 1979); coincidindo con Rodrigo e Palacios (2005). Esta visión, en especial a ecolóxico-sistémica, bebe de fontes teóricas clásicas: a teoría xeral de sistemas e a teoría de campo. A primeira delas, que ten a Bertalanffy (1968) como principal expoñente, diferencia entre sistemas abertos e pechados, dependendo se hai ou non exportación/importación de enerxía ou información co medio externo. A familia desde estes parámetros concíbese como un sistema total, aberto e en constante transformación composto por tres subsistemas: conxugal (parella), parental (pais e fillos/as) e fraternal (irmáns/irmás), discernindo entre parentesco familiar e alianza. A segunda das teorías, enunciada por Lewin

(1951), manifesta que o individuo non é un ser illado, polo que o seu estudo non pode ter lugar á marxe do contexto no que se desenvolve. Cada persoa percibe o «campo» de maneira diferente —forza, posición e potencia—, considerando factores sociais, físicos e psicolóxicos. Así, no caso familiar importa o espazo ecolóxico dos seus membros, que inclúe a persoa e a súa percepción da contorna.

A continuación —partindo desta perspectiva e apoiándose nos autores anteriores— alúdese ás dimensións que se deben contemplar na análise da vida familiar, todas elas aplicables a calquera tipo de agrupamento humano, independentemente da súa idiosincrasia. Porén, a forma que teñen de concretarse ditas dimensións dependerá das características particulares familiares.

### 3.1 Cognicións dos pais sobre o desenvolvemento e a educación das súas crianzas

Como educar os fillos/as? Cal é a mellor maneira de facelo? Os pais necesitan teorías implícitas sobre a vida familiar posto que, de non ser así, adoecerían de interpretacións persoais e a súa conduta sería totalmente impredecible. Estase a falar de crenzas respecto da crianza e da educación dos/as fillos/as, cuxa análise permite certo punto explicativo-preditivo. Sobre o particular resulta trascendental a achega de Rodrigo e Palacios (2005), que distinguen dous modelos:

- Modelo mediacional. O coñecemento implícito dos pais é un factor mediador entre a situación educativa e a resposta manifesta do pai/nai. É dicir, a severidade da resposta dependerá da interpretación que se faga dos feitos (afectos negativos ou afectos positivos). Por exemplo, se unha nai considera que o seu fillo leva a cabo unha determinada acción coa intención de fastidiála (afecto negativo), a súa reacción será moito peor.
- Modelo de guía. A partir das experiencias de maternidade ou paternidade, o pai/a nai configura as súas concepcións sobre a educación dos seus fillos/as. Estas concepcións guían a toma de decisións posterior (reestruturación cognitiva), que ten consecuencias no desenvolvemento cognitivo-social do/a menor. O contido das mesmas está bastante normativizado e amósase resistente ao cambio debido a súa vinculación cos valores, co sentido común e cos saberes culturais.

### 3.2 Estilo das relacións interpersoais familiares

O estilo relacional dos membros dunha familia constitúe outra dimensión básica para o estudo familiar desde unha perspectiva evolutiva-educativa, así como unha das súas notas máis singulares. Xa non se fala de crenzas, senón de relacións interpersoais. A este respecto, identifícanse dúas facetas relacionais de análise, a primeira vinculada con sentimentos e a segunda con estratexias de socialización (Rodrigo e Palacios, 2005):

- Relacións afectivas. O feito de ser pai ou nai adoita ir acompañado dun intenso sentimento. Este último está conformado por tres compoñentes

básicos: condutas de apego, representación mental da relación e sentimentos (López, 2005). Asemade, os/as nenos/as presentan apegos múltiples, en tanto teñen máis dun referente emocional sólido.


- Estilos de socialización. Esta tarefa é evolutivamente posterior ao establecemento do apego. Así, os estilos de socialización constitúen formas de relación entre pais e fillos/as que non quedan restrinxidas ao ámbito das relacións afectivas, senón que abranguen o contexto máis amplo da comunicación e da conduta: adquisición de normas e valores. A súa análise adoita recoller dúas dimensións básicas (construto multidimensional): unha relacionada co ton emocional da comunicación e da relación e, a outra, vinculada cos comportamentos que se poñen en xogo para mellorar a conduta do/a neno/a. A este respecto, existen moitas tipoloxías sobre estilos de socialización, sendo unha das máis coñecidas e influentes a proposta por Baumrind (1971). Porén, non hai que esquecer que todas as tipoloxías deben ser entendidas nun contexto sociocultural específico, na realidade de cada familia, pois, de non ser así, existe risco de adoptar un enfoque mecánico-lineal.

### 3.3 Contorna educativa-familiar

A última das dimensións de análise é a contorna educativa-familiar. Como lograr unha contorna de calidade que estimule o desenvolvemento dos/as cativos/as? Rodrigo e Palacios (2005) aluden a dúas maneiras de analizar a influencia do ambiente familiar no proceso de estimulación do/a neno/a. A primeira, máis vinculada cun enfoque antropolóxico, pon énfase na observación e descrición dos escenarios educativos cotiáns das crianzas: importancia dos obxectos (estímulos) e da súa organización, así coma do conxunto de actividades e relacións que nel se promoven. A segunda, relacionada con formulacións vygotskianas e neovygotskianas, céntrase no estudo dos procesos de interacción familiar, onde se leva a cabo unha transferencia de coñecementos e capacidades entre persoas que xa os posúen e outras que aínda están en proceso de adquirilos.

As tres dimensións anteriores gardan relación cos modelos conceptuais de «nicho evolutivo» (Super e Harkness, 1986) e «nicho ecocultural» (Gallimore et al., 1993). No primeiro deles a atención céntrase no/a neno/a, mentres que no segundo o obxecto de interese é o sistema familiar. Non obstante, como mencionan Rodrigo e Acuña (2005), en ambos a familia constrúe contextos de crianza e non só replica modelos culturais.

Figura 3: Nicho evolutivo e nicho ecocultural



Fonte: Elaboración propia a partir de Rodrigo e Acuña (2005)


#### 4. Factores na vida familiar

A familia como sistema aberto e dinámico convértese nun contexto bidireccional de influencia. É dicir, repercute sobre os seus membros, ao mesmo tempo que estes participan na súa configuración. Nestas coordenadas, resulta salientable o modelo «bondade de axuste», proposto por Thomas e Chess (1977) e Lerner e Lerner (1987). Agora ben, que elementos de protección e risco gravitan sobre a contorna familiar?

A pregunta anterior ten unha natureza moi complexa. A este respecto, resulta de utilidade apoiarse na «ecoloxía do desenvolvemento humano» de Bronfenbrenner (1979), ao igual que Palacios e Rodrigo (2005). De acordo con este modelo, o desenvolvemento humano está enmarcado en diferentes sistemas de influencias, distantes e próximos ao individuo, que definen a súa contorna ecolóxica. Así, diferéncianse catro tipos, que gardan unha relación inclusiva entre si e que poden mudar ao longo do tempo, xa sexa histórica ou ontoloxicamente:

- **Macrosistema:** composto polos valores culturais, as crenzas, as circunstancias sociais e os acontecementos históricos que definen a contorna na que vive o individuo. Correspóndese co sistema máis distante á persoa. Exemplo: unha etapa de depresión económica.
- **Exosistema:** conformado por todas aquelas estruturas formais e informais que repercuten no ambiente máis próximo da persoa, aínda que non a conteñan no seu seo. Exemplos: a familia extensa, as relacións veciñais ou as amizades.
- **Mesosistema:** configurado polas interconexións, solapamentos e influencias recíprocas que se producen entre diferentes microsistemas nos que participa a persoa. Exemplo: relacións familia-escola-comunidade.
- **Microsistema:** comprende o conxunto de relacións entre a persoa e o seu ambiente inmediato. Constitúe o sistema ecolóxico máis próximo. Exemplos: microsistema familiar, microsistema escolar ou microsistema dos grupos de xogo.

Figura 4: Modelo de ecoloxía do desenvolvemento humano



Fonte: Elaboración propia a partir de Bronfenbrenner (1979)

Considerando os sistemas mencionados, a continuación recóllense factores de risco e protección presentes en cada un.

#### 4.1 Factores de risco e tensión

Fenómenos contemporáneos como o aumento da violencia na parella en xeral e na infancia en particular, as crecentes tensións sociais, o periodo de crise económica e as drogas de diverso tipo, así como as tensións que estas últimas xeran ao seu redor constitúen factores de risco presentes no **macrosistema** (Palacios e Rodrigo, 2005). Hai autores que incluso falan de «ambiente social tóxico», destacando unha serie de elementos de toxicidade: as tecnoloxías da información e da comunicación, en especial a televisión, que transmiten violencia e provocan falta de comunicación familiar; o fenómeno coñecido coma «final da infancia», en tanto o espazo infantil está cada vez menos protexido, toda vez que máis invadido de comportamentos contrarios a «idade da inocencia»; os conflitos sociais e económicos orixinados por situacións de pobreza (pobreza selectiva); e o declive dos servizos sociais e comunitarios, sobre todo nos barrios máis pobres (Garbarino, 1995).

As tensións que se producen no sistema anterior, como mencionan os autores citados, quedan reflectidas no **exosistema**, é dicir, nos conflitos que o pai ou a nai pode experimentar no traballo ou nun aumento do tempo da actividade laboral en detrimento do adicado á vida familiar. Neste senso, os «nenos/as chaveiro» ou a «xeración chaveiro» —terminoloxía que refire unha situación onde os proxenitores traballan a tempo completo e o/a cativo/a atópase só a maior parte do tempo— convértese nunha realidade cada vez máis acusada. Centrando o foco de atención no **mesosistema**, estase de acordo con Palacios e Rodrigo (2005) en que o principal problema é a falta de conexións entre os diferentes microsistemas nos que o/a neno/a participa, sobre todo nos que este/a pasa máis tempo, caso da familia e da escola. Este feito é debido á case inexistente cultura da co-responsabilidade e comunicación de ambos os contextos, o que xera múltiples prexuízos en ambas as



direccións. Por último, no **microsistema** son factores de risco as contradicións e confusións que subxacen ás crenzas dos proxenitores sobre a arquitectura familiar e os sentimentos de incompetencia dos pais a propósito da crianza dos seus cativos, así como os problemas de parella ou as tensións derivadas de características específicas dos/as fillos/as.

#### 4.2 Factores de protección e amortización

Nestes sistemas tamén é posible atopar factores de protección ou amortización. Así, os autores anteriores recollen para cada un deles os seguintes:

- Macrosistema:
  - o Valoración positiva da familia.
  - o Estabilidade familiar.
  - o Desenvolvemento de actitudes solidarias, comprensión e tolerancia ante as consecuencias da ruptura.
- Exosistema:
  - o Rede de apoio constituída pola familia extensa.
  - o Rede de apoio formada polas amizades ademais dos/as veciños/as.
- Mesosistema:
  - o Programas de intervención familiar: rede de apoio institucional e formal para a familia.
- Microsistema:
  - o O afecto, que une os membros da familia a través das súas relacións de apego mutuo.
  - o Mellora da convivencia e prolongación das boas relacións familiares pais-fillos/as: estilos de vida familiar máis igualitarios e participativos.

#### 5. Tipos de estrutura familiar

A diversidade familiar característica da sociedade actual —sexa de signo recente ou teña natureza multiseccular— modula diferencialmente os procesos de desenvolvemento que alí se producen. Existen múltiples formas de organización familiar; a saber (González e Triana, 2005; Iglesias, 2005; Palacios e Rodrigo, 2005; Palacios, 2005; Simón et al., 2005):

- Modelos tradicionais, que se teña dado un ou o outro estivo suxeito a factores coma o nivel de pobreza das familias ou o sistema de herdanza e sucesión:
  - o Familia troncal: un núcleo familiar.
  - o Familia múltiple: dous núcleos familiares ou máis.
  - o Familia extensa: un núcleo familiar amais outras persoas emparentadas que non conforman núcleo, entendendo este último coma os vínculos de parentesco máis estreitos.

- Modelos non convencionais:
  - o Familias adoptivas: ausencia de afinidade sanguínea entre pais e fillos/as. Dentro do xenérico «familia adoptiva» hai unha notable diversidade a propósito da motivación que leva á adopción, das características específicas dos que adoptan e son adoptados, así como das dinámicas de relacións que se establecen.
  - o Familias monoparentais: compostas por un só proxenitor, que adoita ser a muller (feminización da pobreza), e un ou varios/as fillos/as. Malia existir no pasado, a súa procedencia mudou, converténdose o divorcio na principal fonte de monoparentalidade.
  - o Familias reconstituídas: un dos membros da parella, polo menos, provén dunha unión anterior. A súa composición presenta diferente complexidade en función da existencia ou non de fillos/as de unións previas, fillos/as tidos en común ou ambos os tipos. Estas familias adoitan presentar unha casuística determinada:
    - Unha relación paterno ou materno-filial anterior á relación de parella.
    - Experiencia previa de familia.
    - Os/as fillos/as adoitan integrar dúas familias diferentes.
    - Outras realidades familiares.
- Familias con necesidades educativas especiais: compostas por nenos/as con cursos evolutivos diferentes e/ou con déficits nas súas capacidades sensoriais.

Todos e cada un dos modelos de organización familiar aquí expostos son igualmente válidos e «normais». Se ben é certo que existen moitos máis, caso, por exemplo, das familias homoparentais, onde os proxenitores son do mesmo sexo.

## 6. A dinámica evolutiva da familia. O caso de España e Galicia

A familia —tal e como se indicou en apartados precedentes— non é obxecto estático de coñecemento, pola contra, experimenta importantes cambios que xiran en torno á relación entre os pais, á configuración familiar e á evolución dos/as fillos/as (Rodrigo e Palacios, 2005). De acordo cos autores, a primeira das cuestións abrangue avatares evolutivos que afectan a cada un dos membros da parella ou a esta última como tal: a calidade das relacións, as posibles crises, etc. A segunda recolle transformacións no escenario familiar, que adoita verse alterado co nacemento ou adopción do/a primeiro/a fillo/a; coa incorporación dun segundo, instaurándose neste caso unha dinámica nova: a relación entre irmáns/irmás; coa independencia dos/as fillos/as, aquí entra en xogo o concepto «nido baleiro»; e coa ruptura do núcleo familiar debido á separación ou ao divorcio dos pais. Finalmente, a última cuestión céntrase en aspectos relacionados con cambios evolutivos do/a cativo/a, obrigando a unha transformación nas relacións do grupo: prácticas de crianza, expectativas evolutivas, estratexias de socialización...

Na análise da familia desde unha perspectiva histórica subsumen dous fenómenos. Por unha banda, un imaxinario social cimentado sobre catro grandes eixos —economía, esfera pública, autonomía democrática e acceso directo—, cuxa conxunción forxa o sistema de crenzas na que os cidadáns e as cidadás están instalados, así coma o clima emocional no que viven. Isto provoca consecuencias revolucionarias dentro das propias familias (Escámez, 2015), feito que resulta positivo sempre e cando non se caia nun «relativismo postmoderno», onde todo é cuestionable e a ausencia de principios básicos de organización socio-familiar convértese en norma, como se fose igualmente positivo aprender actitudes de cooperación e reciprocidade que actitudes de oposición e competencia. Por outra banda, unha delegación de funcións e responsabilidades noutras institucións por parte da familia, malia conservar o sentimento de responsabilidade básica, así como unha extensión do compromiso fundamental en relación cos/as fillos/as (Palacios e Rodrigo, 2005).

Nos vindeiros parágrafos estudaranse os cambios familiares ao longo do tempo de maneira específica nos contextos nacional e autonómico.

### 6.1 A familia española

A peculiaridade dos cambios familiares en España non reside na súa dirección, pois teñen unha natureza análoga aos acontecidos noutros países europeos, senón na súa rapidez, tanto en extensión coma en profundidade. Así, nos anos setenta do século pasado tiveron lugar unha serie de transformacións na sociedade española en xeral que repercutiron na arquitectura familiar en particular, pasando dunha configuración monolítica de familia a outra pluralista con modalidades familiares que reclaman lexitimidade social e regulación legal. Sobre o particular merecen mención especial as análises que realizan De Miguel (2015), Iglesias (2005) e Palacios et al. (2005). Apoiándose nestas análises e en datos sociodemográficos, a continuación expóñense os principais cambios:

- Incorporación da muller ao mundo extradoméstico. É importante o aumento da súa incorporación, pero aínda máis as condicións nas que se produce: a maior idade, con maior nivel de estudos e cunha mellor cualificación. A principal novidade «non é o feito de que entren no traballo, senón de que agora non saian del» (Iglesias, 2005, p.93). Neste senso, prodúcense efectos no sistema familiar a propósito do equilibrio de poderes e da división das tarefas dentro do fogar. Porén, a equiparación do traballo doméstico entre varón e muller está moi lonxe de ser unha realidade, en tanto a incorporación da segunda ao mundo laboral non é análoga a unha maior actividade doméstica do primeiro (Palacios et al., 2005).
- O movemento feminista. Ten repercusións positivas para as familias — malia algúns sectores extremistas do movemento querer disolver a familia como tal— ao promover cambios na lexislación e nos costumes sociais,

que impulsan o equilibrio na distribución de tarefas e nas atribucións realizadas en función do sexo.

- Os cambios legais, caso, por exemplo, do divorcio ou da unión entre parellas do mesmo sexo. A súa natureza é escalonada, en cascada, o que contribúe a conformar unha percepción de «familia» actual e en permanente cambio, ao mesmo tempo que se alimenta a incerteza en determinados sectores.
- A estrutura dos fogares. O tamaño medio redúcese cada vez máis debido ao aumento dos fogares unipersoais —consecuencia do avellentamento da poboación—, en detrimento dos conformados por cinco membros ou máis —consecuencia do descenso da natalidade—. A este respecto, o Instituto de Política Familiar (2019) amosa unha caída vertixinosa do índice de fecundidade en España, que leva dende o 1981 por debaixo do nivel de reemprazo xeracional (2,1), da Unión Europea (1,60) e da media mundial (2,45), sendo no ano 2017 de 1,31 puntos. Asemade, a esperanza de vida creceu continuadamente durante os últimos vinte e cinco anos —as mulleres 85,73 anos e os homes 80,37— constituíndo, xunto Xapón e Suíza, o país coa maior esperanza de vida ao nacer: 83,1 anos.
- A nupcialidade. Obsérvase unha caída estrepitosa dende 1975. Os motivos parecen ser debidos máis a causas de índole económica-laboral (elevadas taxas de desemprego, traballos precarios, inxentes costes da vivenda...) que á cohabitación e rexeitamento deliberado do matrimonio, malia darse con maior frecuencia ambos os fenómenos nos últimos anos. De acordo coa última fonte citada, España presenta a taxa de nupcialidade máis baixa de Europa, xunto con Italia, Portugal e Eslovenia, desplomándose nos últimos corenta anos de 7,18 en 1976 ata 3,68 en 2017.
- A cohabitación. Identifícanse trazos singulares na cohabitación española en relación con outros países, caso, por exemplo, dos nórdicos. En España, a cohabitación adoita difundirse máis entre as persoas divorciadas ou separadas e ser menos frecuente a reprodución. Asemade, algúns estudos mencionados por Iglesias (2005) amosan que a organización familiar e o reparto de tarefas son máis igualitarios neste tipo de parellas. Porén, non se sabe se isto se debe á cohabitación ou ao feito de que as persoas que cohabitan presentan un alto nivel educativo.
- O matrimonio:
  - o As idades medias víronse atrasadas ao igual que en Europa, pero seguiron unha dirección diferente. Mentres que nos países europeos produciuse un descenso constante na idade media de entrada ao primeiro matrimonio ata os anos setenta, no que finaliza debido ao crecemento exponencial da cohabitación, en España esta tendencia é máis dilatada, non sendo simultánea a un crecemento da cohabitación. Datos recentes extraídos do Instituto de Política Familiar (2019) amosan que na sociedade española as persoas casan máis tarde, superando os trinta anos de media de nupcialidade.

- o A forma de matrimonio. Como se contraen nupcias? A relixiosa era a maneira predominante en España ata hai pouco tempo. Non obstante, na actualidade os matrimonios civís superan aos eclesiásticos en todas as comunidades autónomas, como reflicten datos extraídos da fonte anterior.
  - o A endogamia rexional. A ampliación do círculo das persoas elixibles, a espontaneidade nas relacións xuvenís, a mobilidade xeográfica ou unha certa ruptura nas barreiras de clase son factores que repercuten na endogamia rexional e provincial. Neste sentido, lonxe do que puidese parecer, na sociedade española aumenta a endogamia rexional (Iglesias, 2005), situación que é consubstancial ao modelo tradicional familiar e que aparece tamén neste novo contexto ideolóxico.
  - o As segundas nupcias. As persoas divorciadas contraen matrimonio de xeito menos frecuente que noutros países europeos. Ademais existen diferenzas entre sexos, sendo máis inferior o número de mulleres que contraen nupcias novas que o de homes.
- As persoas solteiras. O número de persoas solteiras tamén aumenta na sociedade española, sobre todo a partir dos anos oitenta. Feito debido a cambios na concepción da solteiría, que provocan que o matrimonio pase de ser necesidade para converterse en opción.
  - A emancipación familiar do/a mozo/a. Os datos evidencian unha prolongada dependencia familiar, é dicir, unha independización moi tardía dos/as fillos/as do fogar dos seus proxenitores, sobre todo no caso dos varóns. Tal e como din Palacios et al. (2005): «na actualidade non se mantén aquel ideal de poñer terra por medio con pais e irmáns (...) e os pais tardan cada vez máis tempo en encontrar o nido baleiro» (p.84). As inferiores oportunidades vitais dos mozos e mozas españois en comparación coas dos coétaneos europeos son algunhas das causas de dito fenómeno.
  - A evolución da natalidade. Obsérvase un descenso da natalidade, producido en secuencias máis breves e rápidas que no resto de países europeos, atopándose España nunha situación de «natalidade crítica», xunto con Italia e Grecia, mentres nos países nórdicos o número de fillos/as segue aumentando. A etioloxía desta caída atópase no descenso da nupcialidade ou na disolución do número de familias de cinco membros ou máis, entre outros fenómenos.
  - O divorcio. Quizais sexa un dos indicadores máis empregados para estudar a estabilidade matrimonial, aínda que tamén existen outras manifestacións de ruptura, caso, por exemplo, do abandono da familia. Antes da aprobación da Lei do divorcio en 1981, no contexto español a única experiencia na que existiu posibilidade de divorciarse era durante a II República (1931-1936/39), pero a súa vixencia foi demasiado curta para unha consolidación dos seus efectos. As cifras actuais manifestan que en España se producen seis rupturas por cada dez novos matrimonios (Instituto de Política Familiar, 2019).

- As familias monoparentais. Obsérvanse transformacións a propósito do nome, das reivindicacións de lexitimidade e da procedencia —como se fixo alusión na epígrafe anterior— nas familias monoparentais españolas, pero non na súa realidade (feminización da pobreza):
  - o Fillos/as de nais non casadas. Percíbese cambio nas actitudes sociais, ao rexeitar toda discriminación aos fillos/as e nais nesta situación, malia aínda permanecer moi arraigada «a norma cultural respecto a que o mellor para os fillos é que os seus pais estean casados» (Iglesias, 2005, p.107).

## 6.2 A familia galega

En Galicia a transición dunha economía agraria orgánica a outra de servizos e industrial alimentou dende os anos sesenta do século pasado as migracións a zonas como Madrid, Cataluña ou o País Vasco, o que afectou tamén a mobilidade dentro da propia Galicia en tempos máis recentes. Nesta liña, estase a vivir a fin do crecemento vexetativo e cambios na estrutura das idades, tanto profundos como profusos: «o descenso da natalidade, o incremento da esperanza de vida e a retoolimentación das entalladuras na pirámide de idades causadas pola emigración, resultan nunha estrutura demográfica avellentada e con problemas, a día de hoxe, de renovación xeracional» (Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, 2018, p.20). Todos estes cambios están ligados a aspectos sociais, económicos e de valores que acaban repercutindo na institución e composición familiar. Así, a tipoloxía de fogar galego máis común é o da parella con fillos/as. En canto á súa composición, son máis frecuentes os fogares de dúas persoas, seguidos dos conformados por tres e unha, respectivamente (Instituto Galego de Estatística, [IGE], 2020).

Apoiándose en datos extraídos do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica (2018), obsérvanse certas particularidades na poboación galega. A fin do crecemento vexetativo —ou natural— ten lugar en España de xeito xeral dende o ano 2014, mentres que en Galicia detívose en 1987, sen unha reactivación posterior. Este feito está vinculado coa fecundidade que, no caso galego, diminuíu máis aceleradamente en comparación co resto de España. Así, os datos do Instituto de Política Familiar (2019) reflicten un índice de fecundidade crítico (1,12), sendo apenas superior a un/nha fillo/a por muller. Con todo, a perda de efectivos da poboación galega leva á taxa de crecemento acumulativo anual a valores cada vez menores (dun 0,32 % a un 0,26 %), afastándose paulatinamente da taxa española (dun 0,71 % a un 0,70 %). Os procesos de retorno migratorio e a inmigración actuais son incapaces de revertir esta situación, atopando unha Galicia aínda moi afectada polos procesos migratorios acontecidos no pasado —1951-1970— e que minoraron notablemente o crecemento real da poboación. Se ben é certo que se está a falar dunha comunidade autónoma con taxas moi baixas de poboación inmigrante. Asemade, o avellentamento da poboación —causado polo aumento da supervivencia— é moito máis acusado na poboación galega, evidenciándose, á vez, disparidades territoriais internas.

## METODOLOXÍA

---

A implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (Real Decreto 1393/2007) obriga a transformacións no proceso de ensinanza-aprendizaxe, tanto nos métodos de ensinar como nas formas de traballar. Nestas coordenadas, a presente unidade didáctica, que está composta por un total de dez horas —como xa se adiantaba con anterioridade—, será desenvolvida en dúas sesións de natureza expositiva e tres de carácter interactivo. Nas primeiras o/a docente realizará unha exposición maxistral dos contidos teóricos con axuda de materiais audiovisuais, activando o interese do alumno/a mediante a combinación do método afirmativo (expositivo e demostrativo) co método de elaboración (interrogativo e por descubrimento); mentres que nas segundas se analizarán con detemento os contidos tratados nas anteriores, a través de diferentes actividades individuais e grupais. En todas estas sesións, expositivas e interactivas, fomentárase a actividade intelectual do alumnado, o pensamento crítico-reflexivo e a participación na medida do posible, a fin de desenvolver unha docencia de calidade (Zabalza, 2007), promover a motivación e lograr aprendizaxes significativas.

Por conseguinte, as sesións de traballo autónomo (importancia da autonomía) xogarán un papel primordial (tres horas), sobre todo no que concirne á actividade do glosario. Neste caso, as novas tecnoloxías convértense nun pilar fundamental de comunicación. Así, o Campus Virtual será empregado como complemento docente das sesións presencias, tanto expositivas como interactivas, e servirá de axuda no traballo autónomo: colgaranse diferentes materiais de apoio —básicos e específicos— sobre os contidos tratados, respectando sempre os dereitos de autor, e poderán resolverse dúbidas (foro) ou intercambiar ideas (glosario).

### 1. Actividades propostas

No marco desta unidade didáctica tres son as actividades a realizar, complementando así os contidos teóricos tratados nas sesións expositivas:

- O mapa conceptual. Ao relacionar un contido novo con outro(s) que xa se coñece previamente a aprendizaxe resulta máis simple (aprendizaxe significativa). Tendo en conta este feito amais o protagonismo que debe ter o alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe, os mapas conceptuais constitúen unha ferramenta didáctica moi adecuada, posto que ensinan a «aprender a aprender» en contraposición a outras técnicas memorísticas que só resultan útiles a curto prazo: favorecen habilidades cognitivas e metacognitivas, toda vez que permiten organizar, representar e almacenar o coñecemento desde unha perspectiva integradora e construtivista (Cabero et al., 2015). A este respecto, deberase construír un mapa conceptual que recolla os principais contidos teóricos e reflicta as relacións establecidas entre eles: importancia da xerarquía entre conceptos. Realizaranse dous mapas nas sesións interactivas, o primeiro ao comezo (primeira sesión) e o segundo ao final (terceira sesión), que

serán entregados ao docente. Para favorecer a súa confección, subirase previamente ao Campus Virtual unha presentación na que se recollan os pasos a seguir, así coma os elementos que deben conformalo (conceptos, palabras enlace e proposicións).

- O glosario. É verdade aquilo de que «as palabras falan», polo que a elaboración dun glosario —diccionario de termos— resulta unha ferramenta de utilidade xa que favorece a comprensión dos conceptos, aínda máis se a súa realización lévase a cabo de xeito colectivo: incorporación de apreciacións individuais e intercambio de ideas (retroalimentación e interacción). Considerando a súa potencialidade educativa, deberá elaborarse un glosario grupal onde cada alumno/a incorpore a definición dalgún concepto e intercambie ideas doutros co resto de compañeiros/as. Esta actividade correspóndese co traballo autónomo do alumnado (tres horas) e realizarase a través do Campus Virtual (uso das novas tecnoloxías).
- Busca estatística. Os datos sociodemográficos de diferentes organismos poden axudar a entender a familia nun determinado contexto, así coma a dinámica evolutiva familiar. Polo tanto, é importante saber realizar buscas estatísticas. Porén, cómpre recordar que son as persoas as que lle atribúen significado aos datos numéricos coas súas interpretacións. Tendo en conta todas estas cuestións, o alumnado (en grupos) realizará buscas estatísticas na páxina do IGE sobre a composición dos fogares, a taxa de natalidade, a taxa de mortalidade, a taxa de fecundidade, etc. para, posteriormente, explicar cales son as variables que consideran máis importantes no concepto «familia» e por que. Esta actividade será realizada na segunda sesión interactiva e entregada o/a docente ao final da mesma.

## **AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA**

---

O Espazo Europeo de Educación Superior tamén esixe transformacións no proceso avaliador: unha nova forma de avaliación que teña en conta as actividades que realiza o alumnado periodicamente, ademais dos resultados finais. Así, a avaliación desta unidade didáctica terá lugar mediante o sistema de **avaliación continua**, diferenciándose tres tipos de avaliación:

- Avaliación inicial: comprobarase o nivel previo de coñecementos respecto aos aspectos que se van tratar. O instrumento para tal fin será unha rúbrica (indicadores de elaboración) na que se avaliará o mapa conceptual (produto) que deberá elaborar o/a alumno/a na primeira sesión interactiva (actividade mapa conceptual, primeiro mapa).
- Avaliación procesual: terá lugar durante todas as sesións, o que permitirá unha valoración continua do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para iso, o/a docente fará uso dos comentarios e das opinións do alumnado nas sesións expositivas, ao mesmo tempo que valorará a participación e a comprensión dos contidos abordados mediante as actividades «glosario» e



- «busca estatística». Para ambas as cuestións empregará como instrumento unha rúbrica (calidade das intervencións, número de intervencións, etc.).
- Avaliación final: este tipo de avaliación centra a atención nas aprendizaxes acadadas ao finalizar a presente unidade didáctica. Como se levará a cabo? De maneira específica, o alumnado deberá elaborar un mapa conceptual na última sesión interactiva (actividade mapa conceptual, segundo mapa), que o/a docente comparará co realizado na primeira sesión. Neste sentido, a avaliación tomará como referencia o instrumento empregado no primeiro mapa conceptual. Asemade, os contidos aquí tratados tamén serán avaliados de xeito xeral na proba obxectiva da materia (exame) e na recensión individual do libro *El poder de la familia en la educación* de Santos Rego (2015).

### Observacións xerais

- A asistencia ao 80 % das sesións da materia é obrigatoria, agás nos casos contemplados na normativa universitaria onde o alumnado poderá solicitar exención de docencia —dispensa— (procedemento establecido na Instrución 1/2017).
- Os traballos realizados na materia, tanto persoais como grupais, deben confeccionarse con responsabilidade ambiental, evitando o emprego de tapas de plástico ou de folios en branco como separadores, por exemplo.
- Recómendase o uso dunha linguaxe non sexista, tanto no traballo diario da aula como nos traballos académicos encomendados.
- O alumnado para comunicarse co profesorado deberá facer uso obrigatoriamente do correo electrónico da Universidade de Santiago de Compostela, e non doutros persoais. Ademais, empregaranse só ferramentas electrónicas institucionais ou outras facilitadas pola Facultade de Ciencias da Educación e autorizadas como tal pola Universidade de Santiago de Compostela (protección de datos).
- Plan de continxencia. Por unha banda, para o **escenario dous** as sesións expositivas e interactivas desenvolveranse de xeito presencial, aínda que estas últimas combinaranse con outras de carácter non presencial de acordo co calendario de organización temporal da docencia en ciclos de tres semanas, establecido pola Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. As actividades de avaliación corresponderanse coas contempladas na materia, podendo realizarse a proba final de xeito presencial ou telemático, en función da situación sanitaria.  
Por outra banda, para o **escenario tres** as sesións expositivas e interactivas desenvolveranse de maneira telemática síncrona a través da plataforma Teams. Se ben é certo que se poderán programar sesións asíncronas a propósito da tipoloxía da actividade. As actividades de avaliación, ao igual que no anterior escenario, corresponderanse coas contempladas na materia.

**BIBLIOGRAFÍA**

---

- AGUILAR, María del Carmen (2001): *Concepto de sí mismo. Familia y escuela*, Madrid: Dykinson.
- ANECA (2005): *Libro Blanco. Título de Grao en Pedagogía e Educación Social*, Madrid: Autor.
- ASEDES e CGCEES (2007): *Documentos profesionalizadores*, Barcelona: Autores.
- BAUMRIND, Diana (1971). «The development of instrumental competence through socialization», en A. D. Pick, ed., *Minnesota Symposia on Child Psychology*, Minneapolis: University of Minnesota Press, pp. 3-46.
- BERTALANFFY, Ludwig von (1968): *System theory: Foundations, development, applications*, Nueva York: Braziller.
- BRONFENBRENNER, Urie (1979): *The ecology of human development*, Cambridge: Harvard University Press.
- CABERO Julio, Cristóbal BALLESTEROS e Eloy LÓPEZ (2015): «Los mapas conceptuales interactivos como recursos didácticos en el ámbito universitario», *Revista Complutense de Educación*, 26, pp. 51-76. [https://doi.org/10.5209/rev\\_RCED.2015.v26.43815](https://doi.org/10.5209/rev_RCED.2015.v26.43815)
- DE MIGUEL, Amando (2015): *El cambio que viene*, Barcelona: Stella Maris.
- ESCÁMEZ, Juan (2015): «La educación familiar ante un cambio de época. Sentido y posibilidades», en M. A. Santos Rego, ed., *El poder de la familia en la educación*, Madrid: Síntesis, pp. 17-33.
- GALLIMORE, Ronald, Thomas S. WEISNER, Lucinda P. BERNHEIMER, Debbie GUTHRIE e K. NIHIRA (1993): «Family responses to young children with developmental delays: Accommodation activity in ecological and cultural context», *American Journal on Mental Retardation*, 98(2), pp. 185-206.
- GARBARINO, James (1995): «Growing up in a socially toxic environment: Life for childre and families in the 1990s», en B. Melton, ed., *The individual, the family and the social good: Personal fulfillment in times of change*, Lincoln: University of Nebraska Press, pp. 1-20.
- GONZÁLEZ, María del Mar e Beatriz TRIANA: «Divorcio, monoparentalidad y nuevos emparejamientos», en M. J. Rodrigo e J. Palacios, coords., *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza, pp. 373-397.
- IGE (2021): *Poboación. Proxeccións de fogares*, Galicia: Xunta de Galicia.
- IGLESIAS, Julio (2005): «La familia española en el contexto europeo», en M. J. Rodrigo e J. Palacios, coords., *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza, pp. 91-114.
- INSTITUTO DE POLÍTICA FAMILIAR (2019): *Informe Evolución de la Familia en las Comunidades Autónomas 2019*, Madrid: Autor.
- INSTRUCCIÓN 1/2017, de 27 de abril, sobre a dispensa da asistencia á clase en determinadas circunstancias. *Secretaría Xeral: Universidade de Santiago de Compostela*, actualizada o 2 de maio de 2017, pp. 1-4.
- LEI ORGÁNICA 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, de 13 de xullo de 2011, núm. 134, pp. 19306.

- LERNER, Richard M. (1982): «Children and adolescents as producers of their own development», *Developmental Review*, 2, pp. 342-370. [https://doi.org/10.1016/0273-2297\(82\)90018-1](https://doi.org/10.1016/0273-2297(82)90018-1)
- (2002): *Concepts and theories of human development*, Mahwah, NJ: Erlbaum.
- e Jacqueline V. LERNER (1987): «Children in their contexts: A goodness of fit model», en J. B. Lancaster, J. Altman, A. S. Rossi e L. R. Sherrod, eds., *Parenting across the lifespan. Biosocial dimensions*, Chicago: Aldine, pp. 377-404.
- LEWIN, Kurt (1951): *Field theory in social science*, Nueva York: Harper & Row.
- LÓPEZ, Félix (2005): «Evolución de los vínculos de apego en las relaciones familiares», en M. J. Rodrigo e J. Palacios, coords., *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza, pp. 117-139.
- MUSITU, Gonzalo e María Jesús CAVA (2001): *La familia y la educación*, Barcelona: Octaedro.
- OBSERVATORIO GALEGO DE DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA (2018): *Informe Galicia: perspectivas demográficas*, Galicia: Autor.
- PALACIOS, Jesús (2005): «Familias adoptivas», en M. J. Rodrigo e J. Palacios, coords., *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza, pp. 353-371.
- PALACIOS, Jesús e María José RODRIGO (2005): «La familia como contexto de desarrollo humano», en M. J. Rodrigo e J. Palacios, coords., *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza, pp. 25-44.
- PALACIOS, Jesús, María Victoria HIDALGO e María del Carmen MORENO: «Familia y vida cotidiana», en M. J. Rodrigo e J. Palacios, coords., *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza, pp. 71-89.
- REAL DECRETO 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales. *Boletín Oficial del Estado*, de 30 de octubre de 2007, núm. 260, pp. 44037-44048.
- RESOLUCIÓN DE 16 DE FEBREIRO DE 2010, de la Universidade de Santiago de Compostela, por la que se publica el plan de estudios del Grado en Educación Social. *Boletín Oficial del Estado*, de 5 de marzo de 2010, núm. 56, pp. 22677-22680.
- RODRIGO, María José e Jesús PALACIOS (2005): «Conceptos y dimensiones en el análisis evolutivo-educativo de la familia», en M. J. Rodrigo e J. Palacios, coords., *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza, pp. 45-70.
- RODRIGO, María José e Jesús PALACIOS (Coords.). (2005): *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza.
- RODRIGO, María José e Marciano ACUÑA (2005): «El escenario y el currículum educativo familiar», en M. J. Rodrigo e J. Palacios, coords., *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza, pp. 261-276.
- SAMEROFF, Arnold J. (1983): «Developmental systems: Contexts and evolution», en W. Kessen, ed., *Handbook of child psychology*, Nueva York: Wiley, pp. 237-294.
- SANTOS REGO, Miguel Ánxo (Ed.). (2015): *El poder de la familia en la educación*, Madrid: Síntesis.
- SIMÓN, María Isabel, Beatriz TRIANA e María del Mar GONZÁLEZ (2005): «Vida familiar y representaciones de la familia», en M. J. Rodrigo e J. Palacios, coords., *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza, pp. 297-315.

- SIMÓN, María Isabel, Nieves CORREA, María José RODRIGO e María Amparo RODRÍGUEZ (2005): «Desarrollo y educación familiar en niños con cursos evolutivos diferentes», en M. J. Rodrigo e J. Palacios, coords., *Familia y desarrollo humano*, 6ª ed., Madrid: Alianza, pp. 445-464.
- SUPER, Charles M. e Sara HARKNESS (1986): «The developmental niche: A conceptualization at the interface of child and culture», *Internacional Journal of Behavioral Development*, 9(4), pp. 545-569. <https://doi.org/10.1177/016502548600900409>
- THOMAS, Alexander e Stella CHES (1977): *Temperament and development*, Nueva York: Bruner-Mazel.
- ZABALZA, Miguel Ángel (2007): *Competencias docentes del profesorado universitario. Calidad y desarrollo profesional*, Madrid: Narcea Ediciones.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA